



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de setembro de 2018
Duración	Desde as 10:02 ata as 11:40 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	MANUEL CABAS LOPEZ
Secretario	Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34729730Y	CARLOS GOMEZ SALGADO	SÍ
34944140X	ELVIRA LAMA FERNANDEZ	SÍ
34961770E	EVA ORO VILLARINO	SÍ
44451990M	FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	SÍ
34374297S	ISIDORO SANCHEZ BLANCO	SÍ
34984024N	JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES	SÍ
76716532D	LUIS MIGUEL GIL PENIN	SÍ
46506299T	MANUEL CABAS LOPEZ	SÍ
34957758N	MANUEL PEREZ CAMPOS	SÍ
76704603V	MARIA DOLORES CALVO LOPEZ	SÍ
44455043E	MONTSERRAT LAMA NOVOA	SÍ

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ

Asiste a Adxunta a Secretaría **dona M.^a Dolores Fernández Salgado**.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o Sr Alcalde antes de dar comezo ó Pleno felicita ó deportista **Rubén Diz** por haber ganado recentemente o campionato mundial individual de media maratón de veteranos, engadindo que este deportista xa ten recoñecido un expediente de honra neste Concello, abrindo posteriormente a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Presidente pregunta aos asistentes se existe algunha obxección ás actas das sesións celebradas os días 15/06/2018, 08/08/2018, 22/08/2018 e 23/08/2018.
Sometidas a votación **resultan aprobadas por unanimidade as actas referidas**.

Expediente 3189/2018. APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL EXERCICIO 2017

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 3, Abstencións: 5, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó **Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda** do día 12/06/2018, do seguinte teor literal:

“Considerando que o obxecto da reunión da Comisión Especial de Contas é proceder ao exame da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2017, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando que, formada e informada a Conta Xeral, pola Intervención, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación, a Comisión Especial, tras o debate, co voto favorable dos concelleiros do Grupo Municipal PP (5, e 1 do Alcalde), a abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), do grupo Municipal Xinzo Adiante (2), e do Grupo Mixto (1).

ACORDA

PRIMEIRO. *Informar favorablemente a Conta Xeral do Concello de Xinzo do do exercicio 2017, que quedou cumpridamente xustificada, formando parte da mesma os seguintes documentos: Contas anuais (Balance, Conta do Resultado económico-patrimonial, Estado de Liquidación do Orzamento, Memoria) e Documentación Complementaria (Acta de arqueo, certificacións bancarias de saldos).*

SEGUNDO. *Ordenar que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante o devandito prazo e oito máis, quenes se estimen interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan por convenientes, os cales, no caso de presentarse, serán examinados por esta comisión, previa práctica de cantas comprobacións sexan estimadas como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, a consideración plenaria definitiva.”*

Posteriormente a **Sra. Secretaria** da lectura da Dilixencia da Encargada do Rexistro de entrada/saída de documentos na que indica que non se presentaron alegacións á Conta Xeral do exercicio 2017.

O Sr. Alcalde da paso á **quenda de intervencións.**

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** quere reiterar o manifestado en anos anteriores, indicando que o seu grupo non comparte o fondo das contas pero como dende o punto de vista técnico o expediente está correcto e avalado, vaise abster.

O **Sr Manuel Pérez Campos** di que a Conta Xeral é un documento que reflicte o contido económico do ano 2017 e dado que o seu grupo sempre votou en contra no que se refire á xestión económica continuará a votar en contra. Engade que no Pleno do outro día se puxeron enriba da mesa problemas que ten Xinzo como a perda de poboación, a crise económica, a infraestrutura do século XIX en estado calamitoso, perda dos servicios a todos os niveis... por todo o cal votará en contra da Conta Xeral, inda que sexa un documento contable.

A **Sra Elvira Lama Fernández** da gracias ós concelleiros, funcionarios e persoal laboral do Concello por tela acompañado no pasamento do seu pai. En canto á Conta Xeral, reitera os argumentos que dixeron os seus compañeiros, engadindo que dado que a Conta Xeral é un documento técnico que cumpre, vaise abster.

O **Sr Carlos Gómez Salgado** di que a Conta Xeral é un documento técnico, engadindo



Concello de Xinzo de Limia

que o expediente xa foi publicado no BOP o que non se presentaron alegacións e que é importante aprobalo antes do 1 de outubro pois do contrario pode conlevar a perda de subvencións, motivos polos que anuncia o voto a favor do seu grupo.

*Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada** cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), e do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG (1), **adoitándose o seguinte acordo:***

ÚNICO. Aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2017.

Expediente 5810/2018. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REPRESENTANTES DO CONCELLO NO CONSORCIO GALEGO DOS SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 07/09/2018.

O Concello Pleno presta **aprobación** á citada **Proposta da Presidencia co voto favorable dos concelleiros/as do grupo municipal PP (8 + 1 o Alcalde), e coas abstencións dos concelleiros do PSG-PSOE (4), dos concelleiros de "Xinzo Adiante" (3), e do concelleiro do Grupo Mixto (BNG) (1), adoptando o seguinte acordo:**

Corresponde ao Plenario designar de entre os seus membros, nos termos do art. 38.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, dous representantes para se integrar na Asemblea Xeral do Consorcio Galego dos Servizos de Igualdade e Benestar nos termos do artigo 11 dos Estatutos que o regulan.

Para asumir esa representatividade désínanse a:

*** Manuel Cabas López, Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia (PP).**

*** Silvia Blanco Cuquejo, Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar. (PP).**

Expediente 5814/2018. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO FORMALIZADO PARA O FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DE XINZO DE LIMIA:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 07/09/2018.

O Concello Pleno presta **aprobación** á citada **Proposta da Presidencia co**

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

voto favorable dos concelleiros/as do grupo municipal PP (8 + 1 o Alcalde), e coas abstencións dos concelleiros do PSG-PSOE (4), dos concelleiros de "Xinzo Adiante" (3), e do concelleiro do Grupo Mixto (BNG) (1), adoptando o seguinte acordo:

Corresponde ao Plenario designar de entre os seus membros, nos termos do art. 38.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, dous representantes para se integrar na Comisión de seguimento do Convenio Formalizado para o Funcionamento da Escola Infantil de Xinzo de Limia.

Para asumir esa representatividade nomease a:

*** Manuel Cabas López, Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia (PP).**

*** Luís Miguel Gil Penín, Concelleiro da área de Cultura, Festexos, Deporte, Xuventude e Educación. (PP).**

Expediente 5815/2018. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REPRESENTANTE CORPORATIVO NO CONSELLO ESCOLAR DO I.E.S. CIDADE DE ANTIOQUÍA:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 3, Abstencións: 5, Ausentes: 0

Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 07/09/2018.

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos** indicando que o grupo de goberno podería contar coa oposición para este tipo de decisións, e que non entende que neste sector da educación se propoña como representante ó Concelleiro de Obras, polo que o seu grupo municipal votará en contra dado que non é coherente.

O **Sr Luis Miguel Gil Penín** resposta que cada consello ten que contar cun representante e que non é posible que o concelleiro de educación estea en todos os consellos.

O Concello Pleno presta aprobación á citada **Proposta da Presidencia co voto favorable dos concelleiros/as do grupo municipal PP (8 + 1 o Alcalde), cos votos en contra dos Concelleiros de "Xinzo Adiante" (3), e coas abstencións dos concelleiros do PSG-PSOE (4), e do concelleiro do Grupo Mixto (BNG) (1), adoptando o seguinte acordo:**

Corresponde ao Plenario designar de entre os seus membros, nos termos do art. 38.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, representantes corporativos nos Consellos Escolares dos centros educativos radicados no Municipio.

Para asumir esa representatividade prácese someter ao Plenario Municipal proposta en favor do Sr. Concelleiro:

*** D. Ricardo Sieiro Opazo (PP), para o I.E.S. "Cidade de Antioquía".**



Concello de Xinzo de Limia

Expediente 5817/2018. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE COMPOÑENTES DA COMISIÓN DE CONTROL PREVISTA NO ART. 5 DO CONVENIO REGULADOR DO PERSOAL LABORAL:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 07/09/2018.

O Concello Pleno presta aprobación á citada **Proposta da Presidencia co voto favorable dos concelleiros/as do grupo municipal PP (8 + 1 o Alcalde), e coas abstencións dos concelleiros do PSG-PSOE (4), dos concelleiros de “Xinzo Adiante” (3), e do concelleiro do Grupo Mixto (BNG) (1), adoptando o seguinte acordo:**

Corresponde ao Plenario designar de entre os seus membros, nos termos do art. 5 do Convenio Regulador do persoal laboral, os compoñentes da Comisión de Control prevista no referido convenio.

Para asumir esa representatividade noméase a:

- O Presidente do Concello (**Manuel Cabas López**), ou o concelleiro en quen delegue.
- **Teresa Puga Iglesias**, concelleira do Grupo Popular.
- **Ricardo Sieiro Opazo**, concelleiro do Grupo Popular.

Expediente 5818/2018. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MESA LOCAL DO COMERCIO DE XINZO DE LIMIA:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 07/09/2018.

O Concello Pleno presta aprobación á citada **Proposta da Presidencia co voto favorable dos concelleiros/as do grupo municipal PP (8 + 1 o Alcalde), e coas abstencións dos concelleiros do PSG-PSOE (4), dos concelleiros de “Xinzo Adiante” (3), e do concelleiro do Grupo Mixto (BNG) (1), adoptando o seguinte acordo:**

Corresponde ao Plenario designar de entre os seus membros, nos termos do art. 38.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, dous representantes para integrarse na Mesa Local do Comercio de Xinzo de Limia.

Para asumir esa representatividade prácese someter ao Plenario Municipal proposta en favor dos Srs. Concelleiros:

* **Manuel Cabas López**, Alcalde-Presidente do Concello de Xinzo de Limia (PP).
Suplente: **Mª Dolores Calvo López**, Tenente de Alcalde.

* **Carlos Gómez Salgado**, Concelleiro da área Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda.(PP). **Suplente:** **Ricardo Sieiro Opazo**, Concelleiro.



Concello de Xinzo de Limia

Expediente 5712/2018. CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, FEGAMP E SEAGA PARA ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 3, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A **Señora Secretaria** da lectura o artigo 21 da Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia na cal se define as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, todo elo habida conta da consulta realizada no seo da Comisión informativa.

A continuación da lectura do **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Pedanías, Desenvolvemento Agrario e Industrial, e Participación Cidadá**, do día 11 de setembro de 2018, do seguinte teor literal:

Expediente 5712/2018. Convenio de colaboración suscrito entre Xunta de Galicia, Fegamp e Seaga para establecemento dun sistema público de xestión da biomasa

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/09/2018, do seguinte teor literal:

"Expediente 5712/2018. ESCRITOS E ASUNTOS DIVERSOS: TÉCNICA DE EMPREGO: dando conta de convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais:

Visto o informe da **Técnica de Emprego**, de data 03/09/2018, no que da conta do seguinte:

"(...) INFORMA: Sobre o Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

PRIMEIRO.- Que en data 17.08.2018 saíu publicado no DOG núm. 156 a Orde do 9 de agosto de 2018 pola que se publica o convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

SEGUNDO.- Vista cláusula primeira o obxecto é instrumentar a cooperación entre a Consellería do Medio Rural, Seaga e a Fegamp cos concellos que se adhiran ó convenio, mediante un sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa.

TERCEIRO.- Vista cláusula segunda o sistema público de xestión da biomasa comprende: a colaboración financeira da Administración xeral da Comunidade Autónoma, a prestación por parte da Administración autónoma do sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais mediante a formalización de contratos de xestión da biomasa cos titulares dos montes, a colaboración técnica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e os concellos para o exercicio das competencias que corresponden a estes de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e a retirada de especies arbóreas prohibidas.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Tamén se inclúe asistencia técnica e apoio aos concellos adheridos para a tramitación dos procedementos de aprobación de plans de prevención, delimitación de faixas e de execución subsidiaria da súa competencia.

CUARTO.- Vista cláusula terceira a adhesión é voluntaria. Para decidir a adhesión dos concellos hai uns criterios de prioridade: - Municipios afectados por grandes incendios forestais no ano 2017 e nos 10 anos anteriores, -Municipios nos cales se activase a situación operativa 2 do Peifoga nos últimos 10 anos, - Municipios con parroquias de alta actividade incendiaria, - Municipios incluídos en zonas de alto risco de incendio forestal, - municipios que teñan subscrito convenio para unha brigada municipal de prevención e extinción de incendios forestais.

As solicitudes de adhesión serán dirixidas á Comisión de Seguimento do convenio, nas solicitudes expresarase se o concello ten xa delimitadas as faixas secundarias de xestión da biomasa.

QUINTO.- A vixencia do presente convenio esténdese desde a data da súa formalización ata o 31 de decembro de 2021. O prazo para presentación de solicitudes de adhesión é un mes desde a publicación, é dicir o 17 de setembro de 2018. Para o exercicio 2019, o prazo de presentación de solicitudes iníciase unha vez rematado o prazo do exercicio 2018 e finaliza o 31 de decembro de 2018 e nos exercicios posteriores 2020 e 2021 estará aberto o prazo e poderase presentar as solicitudes durante todo o exercicio anterior ao considerado, para os efectos da súa valoración e decisión sobre a adhesión nos dous primeiros meses do indicado exercicio en que se realizan as actuacións.

SEXTO.- As solicitudes non atendidas unha vez aplicados os criterios de prioridade, se o concello así o solicita, poderán quedar en reserva para ser tidas en conta novamente en exercicios posteriores.

SÉTIMO.- Vista cláusula cuarta as obrigas dos concellos adheridos.

- *Aprobar o plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.*
- *Identificar para os efectos do previsto no presente convenio as persoas titulares das parcelas incluídas nesas faixas de xestión de biomasa.*
- *Aprobar anualmente, durante todo o período de vixencia do convenio, un plan de actuacións relativas á xestión de biomasa, para a formalización dos contratos.*
- *Realizar as achegas de financiamento que se tivese voluntariamente comprometido a realizar na súa adhesión.*

OCTAVO.- Os concellos que soliciten a adhesión e non se acorde esta por aplicación dos criterios de prioridade, poderán de maneira voluntaria, adherirse a este convenio coa achega do 100% do financiamento.

NOVENO.- Vista cláusula sexta a Administración autonómica realizará a prestación do sistema público de xestión da biomasa nas parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa dos concello adheridos a este convenio mediante a formalización de contratos de xestión da biomasa cos titulares dos montes.

DÉCIMO.- As actividades materiais de xestión serán executadas de forma directa mediante Seaga, como entidade instrumental pertencente ao sector público autonómico, terá a obriga de formalizar o contrato con todas as persoas responsables da xestión da biomasa vexetal que cumpran os requisitos previstos no anexo II.

UNDÉCIMO.- Establécese unha tarifa de 350€ por hectárea e ano, que deberán aboar as persoas responsables do cumprimento das obrigas da xestión da biomasa que formalicen o contrato, deste modo, o custo total do servizo no que exceda a tarifa indicada será cuberto pola achega da Administración xeral da comunidade autónoma.

As tarifas serán recibidas por Seaga, como prestadora da actividade.

DUODÉCIMO.- Vista cláusula sétima punto 2, están incluídas no presente convenio para os



Concello de Xinzo de Limia

concellos adheridos as seguintes actuacións:

- *Elaboración técnica da documentación necesaria para a aprobación do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais e en particular, para determinar e definir as faixas secundarias de xestión de biomasa da súa competencia.*
- *Preparar tecnicamente as comunicacións que deben ser enviadas ás persoas responsables polos concellos lembrando a obriga de xestión de biomasa e retirada de especies arbóreas, advertindo da execución subsidiaria con repercusión de custos no caso de que non se cumpran as ditas obrigas, e de ser o caso, comiso das árbores.*
- *Elaboración técnica do anuncio para ser publicado no DOG e BOE con indicación dos datos catastrais da parcela cando non se puidese determinar a identidade das persoas responsables ou resulte infrutuosa dita comunicación.*
- *Elaboración técnica dos documentos base dos actos administrativos para iniciar o procedemento de execución subsidiaria da obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas.*
- *Elaboración técnica dos documentos base para dar traslado da resolución de execución subsidiaria ao órgano competente para incoar o procedemento sancionador.*
- *Preparar os documentos necesarios para proceder á venda das ditas especies arbóreas comisadas.*
- *Elaborar os documentos que permitan delimitar as zonas de actuación prioritaria e urxente nas cales o incumprimento das obrigas de xestión de biomasa e retirada d especies arbóreas prohibidas habilite á Administración pública competente para proceder de modo inmediato á execución subsidiaria de tales obrigas, pola presenza de factores obxectivos de risco.*

DÉCIMO TERCEIRO.- Vista cláusula oitava as obrigas dos concellos adheridos a este convenio na execución subsidiaria da obriga de xestión de biomasa son:

- *“Acordar o inicio do procedemento de execución subsidiaria de execución de biomasa nos supostos previstos pola lei.*
- *Ditar a declaración que poña fin ao procedemento.*
- *Acordar a execución subsidiaria das actuacións de xestión da biomasa.*
- *Enviar toda a información que se lle solicite (...).*
- *Dar a súa conformidade aos proxectos técnicos que se redacten (...).*
- *Informar das actuacións de execución que puidese realizar a persoa obrigada despois da orde de execución subsidiaria.*

O que poño en coñecemento da Xunta de Goberno Local para que acorden o que estimen oportuno.(...)”

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos membros asistentes, o seguinte:

1) Tomar razón do citado informe e do referido convenio.

2) Adherirse ó convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, previo acordo plenario que deberá de adoptarse por maioría absoluta.

3) Facultar ó Sr. Alcalde para cantos trámites sexan precisos en orde á sinatura do citado convenio.

4) Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Rural, á FEGAMP e a SEAGA, á Concelleira de Medio Rural, ós Técnicos Municipais, ós Departamentos de Intervención e Tesourería, e á Técnica de Emprego para que realice as xestións oportunas para a adhesión ó referido convenio.”

Visto o informe de Secretaría, de data 06/09/2018.

Tras o debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), dos concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), e do Concelleiro do Grupo Mixto (1), a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Solicitar a adhesión ó convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, publicado o día 17/08/2018 (DOG nº 156).

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde para cantos trámites sexan precisos en orde á sinatura do citado convenio.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Rural, á FEGAMP e a SEAGA, á Concelleira de Medio Rural, ós Técnicos Municipais, ós Departamentos de Intervención e Tesourería, e á Técnica de Emprego para que realice as xestións oportunas para a adhesión ó referido convenio."

O Sr. Alcalde da paso á quenda de intervencións

Intervén o **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** para dicir que o Convenio vai na liña que mantén a Xunta de Galicia de descargar responsabilidades nos Concellos. Engade que a maior parte dos concellos non teñen capacidade para asumir a xestión das faixas, ó implicar este xestión a necesidade de contratar persoal técnico e administrativo, manifestando ademais que os cartos que aportará a Xunta non van ser suficientes. Ademais di que o que agora se acorda é unha mera solicitude de adhesión e que logo a Xunta de Galicia determinará a orde de adhesión dos Concellos en función de criterios discrecionais. Por último, remata a intervención dicindo que seguramente o Concello non ten máis opción que adherirse porque a alternativa probablemente sexa peor, polo que anuncia a abstención.

O **Sr Manuel Pérez Campos** quere recordar que a Lei de bases de Réxime Local establece no artigo 25 as competencias propias dos Concellos, entre as que se atopa a recollida neste Convenio, engadindo que debería ser o Concello quen asumise a xestión das faixas. Ademais, ó seu criterio o prezo de 350 euros por hectárea é esaxerado, pois considera que se o fixera o Concello cobraría 150 euros hectárea e se o fixera unha entidade privada, dado que consultou diversas empresas do sector, o custo estaría entre 200 e 300 euros, motivos polo que considera que a Xunta, a través dun hipotético "convenio" está en realidade aproveitando para establecer novos impostos. Por outra banda, manifesta que o Concello cada día delega máis competencias propias, e que non está de acordo con que esta tarefa a faga a Xunta, polo que anuncia o voto en contra.

A **Señora Elvira Lama Fernández** manifesta en primeiro lugar que este Convenio se trae ó Plenario a presa e correndo o último día tras ser aprobado pola Xunta de Goberno Local. Continúa a súa intervención dicindo que a aprobación do Convenio pode ser un bo inicio para a xestión da biomasa forestal aínda que na súa opinión a política forestal de Galicia deixa moito que desexar. Ademais, manifesta que no Concello de Xinzo quedan moitas zonas sen desbrozar, aínda que o desbroce debería ter rematado en marzo, polo que pide ó grupo de goberno que faga os deberes. Por último, anuncia o voto a favor.

O **Sr Carlos Gómez Salgado** di que na opinión do grupo de goberno a colaboración entre administracións é un bo xeito de previr incendios. Ademais, considera que a Xunta está traballando neste eido, dotando de medios ós Concellos, por exemplo acaba de conceder ó Concello de Xinzo unha subvención para comprar un tractor. Ademais a

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Xunta tamén está a facer esforzos lexislativos como a aprobación do Plan Forestal de Galicia. Remata a súa intervención dicindo que este convenio ten por obxecto garantir a extinción de incendios en zonas próximas a núcleos de poboación.

O **Sr Alcalde** remata a quenda de intervencións dicindo que o Convenio tan só pretende mellorar a xestión da biomasa e que non é obrigatorio para os propietarios de fincas asinar o contrato coa Xunta.

Tralas intervencións, a proposta de acordo **resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (8+ 1, o Alcalde), e cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), cos votos en contra dos concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e coa abstención do Concelleiro do Grupo Mixto (1), adoitándose o seguinte acordo:**

Primeiro.- Solicitar a adhesión ó convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, publicado o día 17/08/2018 (DOG nº 156).

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde para cantos trámites sexan precisos en orde á sinatura do citado convenio.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Rural, á FEGAMP e a SEAGA, á Concelleira de Medio Rural, ós Técnicos Municipais, ós Departamentos de Intervención e Tesourería, e á Técnica de Emprego para que realice as xestións oportunas para a adhesión ó referido convenio.

Expediente 5795/2018. MOCION CONXUNTA DE TÓDOLOS GRUPOS MUNICIPAIS PARA APOIO ÁS MULLERES CON ENDIOMETROSE

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A **Sra Secretaria** explica que por motivos de coherencia suprimíronse na proposta de moción presentada pola asociación querENDO as referencias ó prazo de “30 días” para presentar ás diversas solicitudes ás administracións, procedendo a continuación a ler a redacción final, que será a que se aprobe se todos os grupos están de acordo. Seguidamente da lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente e Sanidade***, do día 11 de setembro de 2018, do seguinte teor literal:

"

Expediente 5795/2018. Asociación "querENDO", de mulleres con endometriose: stdo. apoio e colaboración para o colectivo:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 04/09/2018 (nº 2018-E-RC-6130), presentado por **Iria Villar Rodal**, con DNI nº 78738961-W, Presidenta da **Asociación "queRENDO", de mulleres con Endometriose**, con CIF nº G-70440573, e enderezo a efectos de notificacións no lugar de Duomes nº 26, 15863 A Baña (A Coruña), por medio do cal solicita que tódolos grupos políticos deste Concello

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

se solidaricen co citado colectivo, e piden que os mesmos grupos presenten unha moción co seguinte teor literal:

"(...) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A endometriose é unha doenza inflamatoria, progresiva, estrógeno-dependente, de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero, na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovários, pero que pode afectar calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.

O tecido endometrial pode estenderse por ovários, peritoneo, ligamentos uterosacros e fondo de saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano (pulmóns, meninxes, etc.). Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos, como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.

A doita clasifícase a endometriose en 4 graos, segundo o nivel de infiltración do tecido, e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de infertilidade.

Segundo os estudos, a endometriose afecta ao 10% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato, en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose, das cales o 15% teñen formas severas da doenza, o que suporía arredor de 9.000 mulleres.

A endometriose, ademais de poder resultar incapacitante para a muller, implica en moitos casos un grave problema de infertilidade.

O retraso medio do diagnóstico é de 8 anos, e vén dado por dúas causas fundamentais:

1. O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.
2. A pouca atención que, ata o momento, o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor, e normalizando este síntoma principal da doenza.

Por todo isto a asociación *querENDO*. Mulleres con endometriose eleva ao Pleno para o seu debate e aprobación os seguintes ACORDOS:

O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Sergas e á EOXI correspondente para que proceda a

1.1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas...).

1.2. Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.

1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

2. O Concello instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de sanidade a:

2.1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

2.2. Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora ñas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

3. O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Ministerio de Sanidade a:

3.1. Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

3.2. Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

4. O Concello comprométese a solicitar aos Institutos de Investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

5. O Concello comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía. (...)”

Tras o debate, os membros da Comisión Informativa deciden *por unanimidade*, presentar ó plenario unha moción conxunta de tódolos grupos municipais, do seguinte teor literal:

Primeiro.- Instar ó Sergas e á EOXI para que proceda a:

1.1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas...).

1.2. Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.

1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

Segundo.- Instar á Consellería de sanidade para que proceda a:

2.1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

2.2. Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora ñas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

Terceiro.- Instar ao Ministerio de Sanidade para que proceda a:

3.1. Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

3.2. Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

Cuarto.- Solicitar aos Institutos de Investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

Quinto.- Impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.”



Concello de Xinzo de Limia

O **Sr. Alcalde**, da paso á quenda de intervencións:

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** intervéen para indicar que está de acordo co cambio proposto dado que o mesmo non afecta ó fondo da moción se ben solicita que a notificación se faga no prazo máis breve posible.

A **Sra Elvira Lama Fernández** manifesta a súa conformidade co cambio se ben prega que se comunique á asociación os cambios que se fixeron no escrito presentado pola asociación querENDO.

O **Sr Carlos Gómez Salgado** di que se trata dunha doenza descoñecida cunha afectación enorme á que todos apoiamos.

O **Sr Alcalde** intervéen para dar as grazas a todos os concelleiros polo acordo unánime deste asunto dado que se trata dunha doenza descoñecida que afecta a un gran número de mulleres e que pode conlevar dolores ás mesmas sen ser diagnosticadas durante moitos anos, chegando incluso a provocar a esterilidade, motivos polos que merece o apoio de todos.

Tralas intervencións, a proposta de acordo resulta **aprobada por unanimidade** **adoitándose o seguinte acordo:**

Primeiro.- Instar ó Sergas e á EOXI para que proceda a:

1.1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas...).

1.2. Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.

1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

Segundo.- Instar á Consellería de sanidade para que proceda a:

2.1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

2.2. Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora ñas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

Terceiro.- Instar ao Ministerio de Sanidade para que proceda a:

3.1. Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a



Concello de Xinzo de Limia

poboación feminina.

3.2. Incluir na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

Cuarto.- Solicitar aos Institutos de Investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

Quinto.- Impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.

MOCIÓN DE URXENCIA: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA SOLICITAR O ARRANXO DA N-525

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

** MOCIÓN do Grupo Municipal Popular para solicitar ó Ministerio de Fomento o arranxo da N-525 (rexistrada de entrada neste Concello o día 17/09/2018 (nº 2018-E-RC-6384).*

Dado que esta proposta non foi incluída na orde do día o Presidente expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros do plenario, consonte os artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais. Realizada a votación, a inclusión na orde do día desta moción urxente é **APROBADA por unanimidade**, cos votos a favor da súa inclusión na orde do día de tódolos concelleiros.

Aprobada por unanimidade a inclusión na orde do día da moción presentada, a Sra Secretaria da lectura á moción, tendo esta o seguinte teor literal:

"(...) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende fai tempo o noso Concello está a recibir moitas queixas polo mal estado do pavimento e das sinais horizontais e verticais da estrada N-525, tanto no paso polo noso municipio como polos limítrofes.

Os usuarios e usuarias desta vía están a sufrir todos os días os numerosos baches, socavóns ou grietas no asfalto, que están a provocar pinchazos nos neumáticos, desaliñamentos nas direccións dos seus vehículos ou provocar caídas a ciclistas.

O mal estado da capa de rodadura fixo que a Dirección Xeral de Tráfico rebaixase o límite de velocidade nalgúns tramos para evitar accidentes.

Por todo o exposto, propónse ao pleno para o seu debate e aprobación se procede do seguinte:

ACORDO:

Instar ao Ministerio de Fomento do Goberno de España de dotar dunha partida económica para a mellora do pavimento, co bacheado e renovación da capa de rodadura onde sexa necesario e reposición de sinais en mal estado da estrada N-525 ao seu paso polo Concello de Xinzo de Limia e concellos limítrofes. (...)"



Concello de Xinzo de Limia

O **Sr. Alcalde** abre a quenda de intervencións.

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** intervén para manifestar a súa conformidade coa mesma dado que se pon de manifesto o estado de abandono no que se atopa a N-525, se ben propón que se inclúa asemade o arranxo da A-52 dado que a solución adoptada por Fomento relativa á redución de velocidade no tramo Xinzo-Sandiás para previr a siniestralidade trátase dunha "tomadura de pelo", propondo neste eido solicitar a Fomento unha capa de rodadura integral para a A-52.

O **Sr Manuel Pérez Campos** comeza a súa intervención manifestando que comparte o indicado polo portavoz do grupo mixto, sinalando asemade que todos os viais da nosa comarca atópanse nun estado pésimo, motivo polo que considera que tanto a Deputación como o Concello deberían tamén arranxar as súas vías respectivamente.

A **Sra Elvira Lama Fernández** intervén manifestando o seu acordo coa moción presentada polo grupo de goberno, se ben puntualiza que dito arranxo xa foi pedido hai tempo polo PSOE ó Goberno do Estado. Asemade manifesta a súa conformidade con que se amplíe a moción ó arranxo da A-52.

O **Sr Carlos Gómez Salgado** intervén para manifestar que o obxecto da presente moción é o arranxo do estado da Estrada N-525 do que todos somos coñecedores, e que á moción se engadirá tamén o arranxo da A-52 solicitado polo portavoz do Grupo Mixto coa conformidade dos restantes grupos, agradecendo a todos o apoio a moción.

Tras o debate a moción é **aprobada por unanimidade de tódolos membros, adoptándose o seguinte acordo:**

Instar ao Ministerio de Fomento do Goberno de España de dotar dunha partida económica para a mellora do pavimento, co bacheado e renovación da capa de rodadura onde sexa necesario e reposición de sinais en mal estado da estrada N-525 e da capa de rodadura da A-52, ao seu paso polo Concello de Xinzo de Limia e concellos limítrofes.

A **Sra Elvira Lama Fernández** manifesta que o seu grupo municipal presentou unha moción en relación a estrada de Baltar, que non se incluíu na orde do día do plenario, indicando o Sr Alcalde que está pendente de informe da Policía Local.

MOCIÓN URXENTE "IN VOCCE" DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA DONAR OS IMPORTES DOS ÚLTIMOS DOUS PLENOS DO MES DE AGOSTO ÁS ASOCIACIÓNS "ALGARIA" E "LIMISI":

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 4, En contra: 13, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Seguidamente a **Sra Elvira Lama Fernández** expón en relación á moción que foi ditaminada desfavorablemente en Comisión informativa sobre a doazón de dietas dos plenarios de data 20 e 23 de agosto de 2018, que se ben é certo que consta informe de

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Intervención negativo en relación á proposta efectuada relativa a doazón das dietas dos concelleiros a asociacións sen ánimo de lucro, sen embargo, recorda ó plenario que en data 28/10/2009 foi obxecto do orde do día do pleno ordinario unha doazón dos cartos das dietas a unha ONG internacional e que nese caso non existiu informe desfavorable por parte de Intervención. Neste momento o **Sr Alcalde** invita á portavoz do Grupo Socialista a presentar dita solicitude como moción urxente se o considera oportuno, momento no que a referida portavoz procede á presentación da seguinte moción urxente “in vocce” do seguinte teor literal:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os plenos ordinarios da corporación de Xinzo están establecidos no regulamento con periodicidade bimensual (febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro) a parte dos extraordinarios que podan xurdir por cuestión de urxencia, cunha dieta de 150,00 € brutos por concelleiro/a.

No Concello de Xinzo de Limia no mes de agosto de 2018 levamos tres plenos extraordinarios por mor dos problemas internos do Grupo Municipal Popular. Os devanditos problemas que levaron a renuncia da acta de concelleiro e do cargo de alcalde a Manuel López Casas, deu como resultado a toma de posesión de un novo concelleiro e a elección de un novo alcalde, o terceiro en tres anos.

Como queira que os problemas internos do Grupo de Goberno do PP están a custarlle cartos ós veciños e veciñas de Xinzo sen que redunden no seu beneficio, nin tampouco en beneficio do pobo, nin nos servizos que se lle prestan.

Dendo o Grupo Municipal Socialista creemos que un acto de responsabilidade é repartir as dietas dos dous últimos plenos con dous colectivos de persoas especialmente vulnerábeis que están rexistrados como asociacións neste Concello, motivo polo cal facemos a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

